



ROGO PARA O ARRANXO DUNHA LUMINARIA NO CONTORNO DO CENTRO SOCIAL DE BORNAIS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas proximidades do Centro Social de Bornais existe unha zona pública na que se integra un campo de baloncesto rodeado dunha zona verde na que se emprazan varios farois coroados cada un por unha esfera de vidro .

Un deses farois permanece desde hai moito tempo sen a correspondente pantalla e, o que é peor, cos elementos da instalación eléctrica ao aire, tal e como se pode apreciar na imaxe que se acompaña.

A localización do báculo nas proximidades do desnivel que linda co Centro Social fai que esa situación revista unha especial gravidade no caso de que o farol siga conectado á rede eléctrica e, en todo caso, faise preciso recuperar a funcionalidade para iluminar a zona polas noites.

En consecuencia, o Grupo Municipal Popular presente o seguinte Rogo:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno se adopten as medidas necesarias para arranxar a instalación eléctrica e repoñer a esfera de vidro do farol existente nos arredores do campo de baloncesto existente nas inmediacións do Centro Social de Bornais.

Santiago de Compostela, a 7 de marzo de 2017.

Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular

ANEXO FOTOGRAFICO

